

DOMINGO XVIII ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA (Is 55, 1-3)

Lectura do libro do Profeta Isaías

Así fala Señor: ¡Ouh, sedentos todos, vinde por auga! Os que non tedes prata, vinde, comprade comida e comedede, vinde e comprade comida; sen prata e sen diñeiro comprade viño e leite.

Porque cambiades prata polo que non é pan e o voso xornal polo que non farta.

Escoitádeme ben: comedede ben e que a vosa gorxa se alegre coa graxa. Baixade o oído e vinde onda min, facédeme caso e revivirán as vosas ilusións, pois pactarei convosco unha alianza eterna, os beneficios de David que se manteñen firmes.

SALMO RESPONSORIAL (Sal 144, 8-9. 15-16. 17-18)

R/. (cf. 16): **Abres ti a túa man, Señor, e dásnos fartura.**

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en misericordia.

O Señor é bo para todos,
agarimoso con tódalas súas obras.

Os ollos de todos están postos en ti,
e dálle-lo sustento ó seu tempo.

Abres ti a túa man,
e dálle fartura a todo ser vivo.

O Señor é xusto en tódolos seus camiños,
e santo en tódalas súas obras.

O Señor está cerca dos que o chaman,
dos que o chaman con sinceridade.

SEGUNDA LECTURA (Rm 8, 35. 37-39)

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Romanos

Irmáns:

¿Quen nos pode arredar do amor de Cristo?: ¿a tribulación, a angustia, a persecución, a fame, a nudez, o perigo, ou a espada?

Pero en todas estas cousas vencemos coa axuda daquel que nos amou.

Porque estou seguro de que nin a morte nin a vida, nin os anxos nin os principados, nin o presente nin o porvir, nin as potestades, nin a altura nin o abismo, nin calquera outra criatura nos poderá afastar do amor que Deus nos ten en Cristo Xesús, noso Señor.

EVANXEO (Mt 14, 13-21)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Máteo

Naquel tempo, cando soubo Xesús da morte do Bautista, retirouse de alí nunha barca a un lugar deserto e arredado. En canto a xente o soubo, foino seguindo por terra desde as vilas. Así, cando desembarcaron, atopouse cun gran xentío. El, conmovido, curou a tódolos enfermos. Chegada a tarde, os discípulos foron onda el e dixéronlle:

- O lugar está moi arredado e a hora moi avanzada: será mellor que despída-la xente para que vaian ás aldeas e merquen comida.

Xesús díxolles:

- Non precisan marchar, dádelles vós de comer.

Eles responderon:

- Aquí non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes.

Pero Xesús replicoulles:

- Pois traédemos aquí.

E mandando recostar á xente na herba, colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a mirada ó ceo, dixo a bendición, partiu os bolos e déullelos ós discípulos, que á súa vez llos pasaron á xente.

E comeran todos ata se fartaren, enchendo coas sobras doce cestas. Os que comeran eran uns cinco mil, sen contar mulleres nin nenos.